A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de maio de 2017 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 21 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE MELLORA E REHABILITACIÓN DOS PAVIMENTOS NOS VIAIS DAS PARROQUIAS DE VILLESTRO, O EIXO E ARÍNS (PAS-OBRASSUM/2015)".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 3 de maio de 2017, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, numero 2017/327 de data 15.5.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viais das parroquias de Villestro, O Eixo e Aríns (PAS-OBRASSUM/2015)*", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

Primeiro: Con data 6 de abril de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador EXCAVACIONES SANTIÑOS SL.

Segundo: Con data 2 de maio, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES D.OGANDO SL e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL, que superan o tipo de licitación máximo fixado no prego de aplicación.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **EXCAVACIONES SANTIÑOS SL** (CIF: P1507900G), por un importe de **82.158 euros** (IVE aparte 21%: 17.253'18 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 61900.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES D.OGANDO SL e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL, que superan o tipo de licitación máximo fixado no prego de aplicación.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de **"Obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viais das parroquias de Villestro, O Eixo e Aríns (PAS-OBRASSUM/2015)"** a favor da empresa **EXCAVACIONES SANTIÑOS SL** (CIF: P1507900G), por un importe de **82.158 euros**, (IVE aparte 21%: 17.253,18 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 61900.**

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

SECRETARÍA CONCELLO DE SANTIAGO

**Asdo:Xan Xesús Duro Fernández**